

A PENÍNSULA IBÉRICA NA IDADE MEDIA

1.- Al Andalus.

1.1.- Conquista.

No ano 711 d.C., árabes e bérberes procedentes do norte de África cruzan o estreito de Xibraltar dirixidos por Tariq coa intención de saquear o territorio próximo.

Ao derrotar facilmente a Don Rodrigo na batalla de Guadalete continúan o avance cara o norte.

Ocupan rapidamente a Península grazas aos conflitos internos dos visigodos e ao apoio que lles brindan os xudeos e os propios nobres visigodos.

No norte da Península Ibérica fórmanse os primeiros núcleos de resistencia, tras a derrota de Covadonga (722).

Tras a batalla de Poitiers (732) no sur de Francia establecen a súa fronteira ao sur dos Pirineos.

1.2.- Evolución.

- Emirato (756-929)

Logo dun período de gobernos interinos, Abderramán I chega a Al-Andalus fuxindo da matanza dos Omeias. NO 756 d.C. o Emirato independízase de Bagdad no plano político, inda que continúa dependendo del no plano relixioso.

Os conflitos máis destacados desta etapa son: o avance dos reinos cristiáns do norte; o avance dos francos ao sur dos Pirineos, formando a Marca Hispánica; a sublevación dos muladíes.

- Califato (929-1031)

No 929 d.C., Abderramán III proclama o Califato Independente. Á independencia política únese agora a relixiosa. O seu período de goberno é o de maior esplendor de Al-Andalus; pon fin ás sublevacións interiores e somete aos reinos cristiáns do norte a tributo.

A figura máis importante tras Abderramán III é Almanzor, que se fai co poder político e chega a roubar as campás da Catedral de Santiago. Á súa morte, no 1002, iníciase a crise e desintegración do Califato, que culmina en 1031.

- Taifas (1031-1086)

Fronte á debilidade dos territorios musulmáns tras a desintegración do Califato, os reinos cristiáns avanzan territorialmente cara o sur.

Unha taifa está formada por unha cidade e o territorio circundante.

No 1085, Afonso VI conquista Toledo, o que será un feito determinante para o avance dos cristiáns.

- Almorábides (1085-1144)

Tras a conquista de Toledo, as taifas piden axuda aos almorábides do norte de África, que derrotan a Afonso VI en Sagrajas.

Al-Andalus incorpórase ao imperio do norte de África.

- Almohades (1147-1224)

Os almohades substitúen aos almorábides desde 1147. Inicialmente derrotan aos casteláns en Alarcos (1195), pero logo son derrotados nas Navas de Tolosa (1212), o que abre o sur aos cristiáns.

Desde 1238 o territorio musulmán queda reducido a Granada, que será conquistada polos Reis Católicos en 1492.

1.3.- Administración.

O goberno está en mans dos emires ou dos califas; estes contan con poder absoluto (político, militar, xudicial).

Entre os funcionarios cabe destacar ao Hachib (primeiro ministro, encargado da administración e as finanzas), e o Visir (Consellerios; integran o Consello ou Maswar).

O territorio divídese en Coras ou provincias, que están gobernadas por un Valí. Os cadís son xuíces nas coras.

1.4.- Economía.

A agricultura é a base da economía. Os cultivos de secano céntranse na triloxía mediterránea (cereais, vide, oliveira). No caso dos cultivos de regadío destaca a introdución de produtos orientais (azucres, arroz, laranxa, limón, algodón, moreira, azafrán).

Introducen melloras no regadío, con canles, pozos e noras, así como o uso de fertilizantes; todo isto permite o aumento dos recursos dispoñibles.

Na minería cabe citar a explotación de ferro, cobre, ouro, prata, mercurio, sal, etc. A artesanía produce tecidos, cerámica, vidro, marfil, papel, etc.

Por último, no que se refire o comercio, acuñan moedas de ouro (dinar) e de prata (dirham). O comercio interior desenvólvese nos zocos das cidades, mentres que o comercio exterior tende as súas redes por Europa e África.

1.5.- Sociedade.



2.- Reinos cristiáns.

2.1.- Resistencia.



- Administración.

En cada un dos territorios independentes aparecen reis ou condes que se suceden no cargo a través dun sistema hereditario.

Iníciase o proceso de repoboación dos territorios conquistados co obxectivo de ocupar o terreo con poboación e poñelo en cultivo.

Os mecanismos empregados son a presura e a carta puebla. Na presura, campesiños, nobres e mosteiros poden establecerse libremente e converterse en donos das terras nas que se instalan.

No referido ás Cartas Puebas, a repoboación está encabezada polo rei, que concede unha serie de dereitos ás persoas que ocupan un lugar determinado e se poñen baixo a súa xurisdición.

- Economía.

Coma sempre ao longo da Idade Media, as actividades económicas máis importantes son a agricultura, nos vales, e a gandaría, nas áreas montañosas.

Nas cidades desenvólvense a artesanía e o comercio. En comparación coas cidades de Al-Andalus, as cristiás son moi pequenas.

- Sociedade

Nas áreas repoboadas, a sociedade está formada maioritariamente por campesiños libres que se reúnen en asembleas chamadas “concellos abertos”.

Tamén hai unha elite formada por nobres e dirixentes dos mosteiros, que organizan e protexen o territorio.

2.2.- Avances.

AÑO 1054



AÑO 1143



AÑO 1200



AÑO 1304



AÑO 1450



- Administración.

En Castela, a monarquía ten carácter unitario. O territorio está unificado baixo o Rei. O poder do rei procede de Deus. En realidade, o rei so controla directamente os territorios de reguengo. Nobres e cidades gozan de moita autonomía.

As Cortes teñen a función de aprobar novos impostos e variar o valor da moeda. Perden a función de consilium en favor dunha nova institución, o Consello.

En Aragón, pola contra, a monarquía é federativa. Divídese en reinos e condados (Aragón, Cataluña, Valencia e Mallorca), con institucións, leis e costumes propias.

Os reis teñen menos poder que en Castela, xa que se comprometen a respectar os dereitos dos seus súbditos (pactismo).

Cada reino ten as súas propias Cortes; aproban todas as leis antes de entrar en funcionamento.

- Proceso de repoboación. Exercio 1, páx. 128.

- Economía.

As actividades agrarias continúan a ser as máis importantes ao longo da Plena Idade Media. Ao igual que en Al-Andalus, existen cultivos de secano (triloxía mediterránea) e de regadío (frotias e hortalizas). A gandería proporciona alimentos e materias primas (lá). En Castela créase o Consello da Mesta (1273) para regular a transhumancia.

A artesanía gaña peso a medida que se conquistan cidades do territorio musulmán. En castela, os artesáns agrúpanse en confrarís, mentres que en Aragón o fan en gremios.

O comercio desenvólvese inicialmente nos mercados locais, e logo empeza a establecer relacións con outras zonas a través das grandes rutas comerciais. Castela orientase cara o Atlántico e Aragón faino cara o Mediterráneo.

- Sociedade. (pirámide de poboación cos grupos das páxinas 132-133)